# Balance anual de 2025: Rías Baixas Film Commission

***Rías Baixas, o teu próximo gran plano***



Deputación Pontevedra

ríasbaixas

RIASBAIXAS FILM COMMISSION

# Introdución

A **Rías Baixas Film Commission** consolídase como unha oficina estratéxica dedicada á promoción do territorio da provincia de Pontevedra como escenario de producións audiovisuais de primeiro nivel.

Coa xestión do Servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra, a oficina ofrécelles un apoio integral e gratuíto ás produtoras, facilitando a xestión de trámites, permisos e asesoramento loxístico especializado.

## VISIBILIDADE INTERNACIONAL

Impulso da marca Rías Baixas nos circuítos globais do cine e da televisión.

## DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

Fomento do emprego local e activación de servizos indirectos no territorio.

## CONTORNO FAVORABLE

Creación dun ecosistema áxil para rodaxes de publicidade e novos formatos.

Deputación Pontevedra | ríasbaixas | RIASBAIXAS FILM COMMISSION

# Atención integral ao sector:
## Da idea á pantalla

### Consultoría estratéxica

Asesoramento experto sobre localizacións que destacan pola súa diversidade paisaxística e urbana.

### Recursos e loxística

Información detallada sobre infraestruturas, equipos técnicos e loxística dispoñible.

### Rede de provedores

Orientación cara a empresas locais capaces de cubrir todas as necesidades de produción.

### Xestión de permisos

Xestión e facilitación de trámites institucionais para asegurar a viabilidade do proxecto.

# Traballo institucional







# Xestión de proxectos en 2025

## 34,7 %

**TAXA DE CONVERSIÓN DE CONSULTAS**

Consultas que avanzan cara a proxectos reais e que reforzan o posicionamento de Rías Baixas como destino de rodaxes.

**50** solicitudes

**37** nacionais

**13** internacionais

**360** xestións









# Solicitudes de localizacións

A remisión de carpetas visuais e materiais de apoio de alta calidade consolidouse como unha ferramenta fundamental para facilitar a toma de decisións dos equipos de produción internacionais e nacionais.

Deputación Pontevedra | ríasbaixas

RIASBAIXAS FILM COMMISSION

# Actividade no territorio

**5,4 %**
EN INCREMENTO DE ACTIVIDADE

**30**
PRODUTORAS

**62**
RODAXES TOTAIS

**8**
SERIES

**6**
LONGAMETRAXES

**13**
CURTAMETRAXES E DOCUMENTAIS

**33**
OUTROS FORMATOS

Consolidación de Rías Baixas como destino audiovisual competitivo para o mercado nacional e internacional.

Deputación Pontevedra | ríasbaixas | RIASBAIXAS FILM COMMISSION

# Actividade no territorio:
## Alcance e mobilización profesional

A actividade impulsada pola oficina en 2025 deixou unha pegada profunda na provincia, demostrando a capacidade do territorio para despregar rodaxes de forma descentralizada e eficiente en múltiples municipios.

**450**
**DÍAS DE RODAXE**
Acumulados no exercicio de 2025

**20**
**CONCELLOS**
Concellos con actividade audiovisual

**+200**
**LOCALIZACIÓNS**
Espazos únicos utilizados en rodaxes

**+2.000**
**PROFESIONAIS**
Persoal técnico e artistas mobilizados

Deputación Pontevedra | ríasbaixas | RIASBAIXAS FILM COMMISSION

# Impacto económico:

## O audiovisual como motor de desestacionalización




O audiovisual actúa como motor de desestacionalización turística na provincia de Pontevedra, xa que unha parte importante das rodaxes se concentra en temporadas medias e baixas.

Esta actividade contribúe a xerar movemento económico fóra dos períodos de maior afluencia, ao activar servizos como aloxamento, restauración, transporte e provedores locais e favorecer unha distribución máis equilibrada do impacto turístico ao longo do ano.

# Impacto económico:
## O audiovisual como motor de riqueza

**9 M€**
de gasto directo na provincia

**+25 M€**
mobilizados

**+16 M€**
de impacto económico total

Este gasto directo canalízase de forma transversal cara a sectores estratéxicos coma o **aloxamento, a restauración, o transporte e a loxística**, o que impulsa de maneira inmediata a economía de proximidade nos concellos onde se desenvolven as rodaxes.

# Coordinación e proxección:
## Un ecosistema favorable

Máis alá da atención técnica, 2025 foi un ano clave para a articulación territorial e a proxección estratéxica da provincia. A oficina fortaleceu as súas alianzas con concellos e entidades públicas, avanzando na sensibilización institucional sobre o valor do audiovisual.

A conexión con redes internacionais de comisións cinematográficas e a participación activa en festivais e mercados sectoriais permitiron ampliar a visibilidade de Rías Baixas como un destino versátil, preparado e altamente competitivo.

**O teu próximo gran plano comeza aquí**

**https://riasbaixasfilm.depo.gal/**

Deputación Pontevedra | ríasbaixas | RIASBAIXAS FILM COMMISSION